



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (19/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e tres minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación Plan POS+ Adicional 4b/2025
2. Revisión anual do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2025. Aprobación cifra oficial de poboación

1. APROBACIÓN PLAN POS+ ADICIONAL 4B/2025

O Sr. Alcalde en funcións procede á lectura da proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/A008/000013, que se enviou, con anterioridade á celebración desta sesión, xunto co proxecto técnico das obras, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a circular sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 4/2024 para investimentos financeiramente sostibles, as Bases reguladoras, proxecto, informes e demais documentación do expediente TEDeC núm. 2025/A008/000013, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem . auga potable)	Total concello	
ACONDICIONAMIENTO DE LA CAPA DE RODADURA EN LAS PARROQUIAS DE TABOADA Y SAN FIZ.	246.223,57	0	-	0	246.223,57
TOTAL	246.223,57	0	-	0	246.223,57

Aprobar o proxecto das obras que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Durante a lectura, o Sr. Alcalde en funcións explica que coa cantidade que lle corresponde a Monfero, 246.223,57€, os proxectos que pretenden aprobar son para o aglomerado de viais en dúas parroquias. En Taboada, a estrada que nace no Lombo e vai ata a Casablanca, ata a Cruz, cara aos Penedos, e remata na pista polideportiva. Outra pista que nace na Cruz e vai cara á estrada das Fragas. Outra que nace na estrada das Fragas e vai cara á Casanova. E tamén o camiño do acceso ao lugar de Tercias. Sinala que con estes camiños xa quedaría toda Taboada aglomerada. Continúa, dicindo que os camiños na parte de San Fiz serían do lugar do Cotillón ao Malló, pasando polas casas do Cotillón, e un pequeno tramo que se está desfecendo bastante na estrada da Igrexa de San Fiz, desde Mariñadona á Igrexa de San Fiz, no que pretenden levar a cabo un fresado previo naquelas zonas onde estea peor a estrada para que esta non siga aumentando a altura, e despois aglomerala.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

2. REVISIÓN ANUAL DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2025. APROBACIÓN CIFRA OFICIAL DE POBOACIÓN

O Sr. Alcalde en funcións procede á lectura da proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G006/000110, que se enviou, con anterioridade á celebración desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

- Xestión de Propostas –

2025/G006/000110

REVISIÓN ANUAL DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2025. APROBACIÓN CIFRA OFICIAL DE POBOACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación coa revisión anual do Padrón municipal de habitantes a 01/01/2025 e as actuacións levadas a cabo no Concello con respecto a este durante o exercicio anterior, das que resultan as cifras a que se refire este expediente e as actuacións complementarias realizadas para resolver as discrepancias coa cifra inicialmente proposta.

Logo de ver a comunicación do Instituto Nacional de Estatística, unha vez finalizado o procedemento para a obtención da proposta de cifras oficiais de poboación previsto na Resolución de 20 de xullo de 2018, cos resultados das cifras e da estimación/ desestimación das alegacións presentadas pola que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes.

Propóñolle ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a cifra de poboación con referencia ao 1 de xaneiro de 2025, sendo a poboación resultante de 1.816 habitantes.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e manifesta que a cifra é o que é pero que quere dicir que esta cifra cada vez é máis baixa e cre que lles ten que facer reflexionar a todos e mirar que medidas se poden adoptar para que esta cifra non siga diminuindo. Que na provincia da Coruña somos cinco concellos en risco de despoboación e que un é o noso e que isto lles debe de facer pensar en tomar medidas para poder frear o despoboamento aquí. Que o que faláron noutros plenos, o tema do PXOM sería importante para frear este descenso de poboación. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que evidentemente están de acordo con ela e engade que xa é un problema a nivel global, autonómico, que cre lembar que este ano ou o ano pasado só tres concellos de Galicia gañaron poboación, que os concellos rurais ademais son os que perden máis poboación, que é un problema incluso de Europa, do vello continente.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

O Sr. Alcalde en funcións, ao non haber máis asuntos que tratar, levantou a sesión, ás doce horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor